



DEPUTACIÓN OURENSE
PRESIDENCIA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE
REXISTRO XERAL

- 6 MAR. 2017

N.º ENTRADA	N.º SAIDA
	3687

Copi

En contestación ás peticións realizadas na sesión plenaria de data 24 de xaneiro de 2017, en relación co parque de bombeiros indicarlle que non hai informes dos técnicos da Deputación en relación coas contratacións dado que a selección do persoal é unha obriga da empresa seguindo en todo caso os criterios establecidos na cláusula terceira, letra b, do prego de cláusulas administrativas particulares que rexeu na licitación. En relación con a quen se poden dirixir as persoas que se sintan agraviadas? Á empresa adxudicataria, por ser esta a responsable das contratacións do persoal. En relación coa adquisición dun vehículo tipo berlina, indicarlle que foi adquirido con destino ao parque móbil de Presidencia. Unidade: Parque Móbil e Maquinaria.

Lémbrolle que, de acordo cos termos previstos no artigo 16.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), e no artigo 227 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, todos os membros da Corporación Provincial deben gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento das súas funcións, singularmente, das que servirán de antecedentes para decisións que aínda se encontren pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que se lles poida facilitar, en orixinal ou copia, para o seu estudo.

Ourense, 6 de marzo de 2017

O PRESIDENTE



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
OURENSE

José Manuel Baltar Blanco.

JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ - deputado provincial do Grupo PSdeG-PSOE.

Grupo PSdeG-PSOE.- Deputación Provincial de Ourense.